

Faustino Santalices

Aula de Música



Faustino Santalices (1877-1960) está considerado o investigador máis importante de zanfona en España da primeira metade do século XX. Este gaiteiro de Bande (Ourense) quedou prendado da zanfona cando de mozo lla escoitou tocar a un cego.

No 1927 gravou dúas pezas con este instrumento. Estudou, recolleu e mellorou tecnicamente a zanfona. No 1949 editou en Madrid un disco completo, titulado *Grabaciones históricas de zanfona*. Tamén escribiu o primeiro libro español sobre este instrumento: *La zanfona* (1956).

Co apoio da Deputación de Lugo, fundou nesa cidade un Taller-Escola de Instrumentos Galegos no que formou artesáns para que a tradición da zanfona ibérica non se perdese.

A zanfona e a súa historia

O antecesor da zanfona data de finais do século X d.C. Chámase *organistrum*. Era máis grande que a zanfona, polo que tiña que ser tocada por dúas persoas: unha accionaba o manubrio e a outra tocaba.

Era un instrumento eclesiástico que acompañaba os cantos nas igrexas. Atópanse representacións pétreas do *organistrum* en igrexas francesas, inglesas e españolas - Compostela e Navarra, por exemplo- de entre os séculos XI e XIII.



No século XIII o *organistrum* cae en desuso e pasa ás mans do pobo. Xogares e trovadores fan unha versión reducida, manexable por unha soa persoa, para poder acompañar os seus cantos. Nese momento nace a **zanfona**.

Segundo os expertos, a zanfona foi moi popular ata o século XV. Co remate da Idade Media, a sociedade cambia. Desaparecen os xogares e empezan a valorarse outros instrumentos, como o laúde. A zanfona queda en desuso.

No XVIII, a zanfona rexorde. O Neoclasicismo ilustrado impón o gusto polos antigos costumes na arte e, polo tanto, tamén na música.

É na corte francesa de **Luís XV** onde vive o seu maior esplendor. A zanfona interprétase para o gozo dos oídos cortesáns e para acompañar bailes e danzas. Ao ser Francia o foco cultural da época, a zanfona recupérase tamén, aínda que en menor medida, nos países do seu contorno.

Pero tras da Revolución Francesa (finais do XVIII) todo cambia de novo. En Francia perde o beneplácito da alta sociedade, aínda que continúa mantendo a consideración popular e convértese nun instrumento para a composición de ritmos bailables no rural. En Galicia e España, son os cegos e mendigos ambulantes os que a conservan, polo que tamén se coñece co nome de **Lira mendicorum**.

Durante o XIX e comezos do XX o instrumento sofre un constante desprestixio debido á falta de escola e coidados por parte dos músicos. Isto provoca que se identifique nalgúns dicionarios e refráns como malsoante e vulgar. Na Península Ibérica, úsase fundamentalmente para acompañar sen demasiadas complicacións técnicas os cantos de cego.

A recuperación



A zanfona chegou ao século XX mal considerada socialmente e coa tradición dos cantares de cego esmorecendo. En Galicia un dos maiores responsables da súa conservación foi **Perfecto Feijoo** (1858-1935). Este boticario de Pontevedra recolleu melodías tradicionais, tocou a gaita e tamén a zanfona. A **Feijoo** débese a primeira gravación de zanfona da historia de España, no disco de *Aires d'a terra*, en 1904.

Pero o que está considerado como o investigador por excelencia da zanfona en España é **Faustino Santalices** (1877-1960). Santalices fíxose con zanfonas, buscou documentación histórica sobre o instrumento, mellorouno tecnicamente e logrou que volvесе soar correctamente. Del son o primeiro libro monográfico sobre o instrumento en España (*La zanfona*, 1956) e o primeiro disco integramente dedicado á zanfona, gravado en Madrid no 1949 e reeditado en C.D. no 2004.

Santalices tamén creou, co apoio da Deputación de Lugo, un Taller-Escola de Instrumentos Galegos, onde puido ensinar as técnicas de contrución da zanfona para que o instrumento non se perdese. Un dos seus aprendices, **Antón Corral**, continuou o seu labor na Universidade Popular de Vigo.